IV.- Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

Primeiro.- Declarar a **xubilación** por recoñecemento de incapacidade permanente no grado de total do funcionario municipal D. **FERNANDO LORENZO RODRÍGUEZ, con DNI núm.: 36081219S e nº de persoal 23573**, con posto de traballo de Bombeiro (PTO. 132-**Bombeiro**), grupo C2, adscrito ao Servizo de **Extinción de Incendios**, en aplicación do previsto no artigo 67.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación, e de conformidade coa Resolución do INSS de data **13/02/2012**, sen que tal declaración afecte á obriga legal de reserva do posto de traballo nos termos do esixido pola resolución administrativa declaratoria da situación de incapacidade, ao abeiro da lexislación vixente en materia de Seguridade Social.

Segundo.- Informar ao efectivo afectado que unha vez desaparecida a causa obxectiva motivadora da declaración de xubilación por incapacidade, poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de funcionario, que lle será concedida a petición propia nos termos do disposto no artigo 68 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

18(293).- DAR CONTA DA DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS ESPECIAIS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. LUIS GARCÍA ÁLVAREZ. EXPTE. 22835/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro de Xestión Municipal, do 22.02.2012, proposta pola xefa da área de Réxime Interior, que di o que segue:

ANTECEDENTES

1.- Por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data 16/02/2012, con rexistro de entrada neste Concello de data 22/02/2012 (documento núm.: 120020031), autorízase a cobertura do posto vacante de Intervención Xeral, en réxime de Comisión de Servizos, a favor do funcionario con habilitación estatal D. Luis García Álvarez, con DNI núm.: 36017888A.

2.- Tendo sido nomeado como Interventor Xeral do Concello de Vigo en réxime de comisión de servizos por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 22/02/2012, deberá procederse á declaración da situación administrativa de Servizos Especiais, en cumprimento da normativa vixente, do posto que viña desempeñando neste Concello de Vigo de Xefe do Servizo de Contabilidade Xeral (código 61 da r.p.t.).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público contempla no seu artigo 87 a situación administrativa de **servizos especiais**, sinalando que os funcionarios de carreira serán declarados na referida situación administrativa nos seguintes supostos:

*f) Cuando se desempeñen cargos electivos retribuidos y de dedicación exclusiva en las Asambleas de las ciudades de Ceuta y Melilla y en las Entidades Locales, **cuando se desempeñen responsabilidades de órganos superiores y directivos municipales** y cuando se desempeñen responsabilidades de miembros de los órganos locales para el conocimiento y resolución de las reclamaciones económico-administrativas”.*

Quienes se encuentren en situación de servicios especiales percibirán las retribuciones del puesto o cargo que desempeñen y no las que les correspondan como funcionarios de carrera, sin perjuicio del derecho a percibir los trienios que tengan reconocidos en cada momento.

El tiempo que permanezcan en tal situación se les computará a efectos de ascensos, reconocimiento de trienios, promoción interna y derechos en el régimen de Seguridad Social que les sea de aplicación. No será de aplicación a los funcionarios públicos que, habiendo ingresado al servicio de las instituciones Comunitarias Europeas, o al de Entidades y Organismos asimilados, ejerciten el derecho de transferencia establecido en el estatuto de los Funcionarios de las Comunidades Europeas.

Quienes se encuentren en situación de servicios especiales tendrán derecho, al menos, a reingresar al servicio activo en la misma localidad, en las condiciones y con las retribuciones correspondientes a la categoría, nivel o escalón de la carrera consolidados, de acuerdo con el sistema de carrera administrativa vigente en la Administración Pública a la que pertenezcan. Tendrán, asimismo, los derechos que cada Administración Pública pueda establecer en función del cargo que haya originado el pase a la mencionada situación. En este sentido, las Administraciones Públicas velarán para que no haya menoscabo en el derecho a la carrera profesional de los funcionarios públicos que hayan sido nombrados altos cargos, miembros del Poder Judicial o de otros órganos constitucionales o estatutarios o que hayan sido elegidos Alcaldes, retribuidos y con dedicación exclusiva, Presidentes de Diputaciones o de Cabildos o Consejos Insulares, Diputados o Senadores de las Cortes Generales y miembros de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas. Como mínimo, estos funcionarios recibirán el mismo tratamiento en la consolidación del grado y conjunto de complementos que el

que se establezca para quienes hayan sido Directores Generales y otros cargos superiores de la correspondiente Administración Pública.

La declaración de esta situación procederá en todo caso, en los supuestos que se determinen en el presente Estatuto y en las Leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del mismo.”

II.- O nomeamento como Interventor Xeral, conleva inherente a declaración da situación administrativa de servizos especiais de conformidade co fundamento xurídico anterior, toda vez que o art. 130 aptdo.B) letra f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, clasifica dentro dos órganos directivos municipais ó Interventor Xeral Municipal.

III.- En igual senso, e en estricta aplicación do relacionado no artigo 87 do EBEP, o funcionario declarado na situación administrativa de servizos especiais terá dereito alomenos a reingresar nas mesmas condicións retributivas e profesionais que tiña no momento anterior ao pase á devandita situación, de xeito tal que deberá garantizarse como mínimo idéntica situación profesional e retributiva ó funcionario designado, quen hasta a data do momento figuraba adscrito ao posto de traballo código 61 da Vixente Relación de Postos de Traballo Municipal (“Xefe/a do Servizo de Contabilidade Xeral).

IV.- Vistas as consideracións e fundamentos expostos, e considerando as competencias delegadas por Decreto da Excm. Alcaldía-Presidencia de 13/06/2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2011, elévase ao criterio do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

“**PRIMEIRO.-** Declarar ao funcionario municipal D. Luis García Álvarez, con nº de persoal 20333, na situación administrativa de Servizos Especiais por nomeamento como Interventor Xeral do Concello de Vigo, en réxime de Comisión de Servizos de carácter temporal, nomeado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 22/02/2012; ao abeiro do establecido no artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A dita declaración de situación administrativa, xunto cos efectos derivados da mesma, efectúase nos termos da normativa vixente e demais de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Xefatura da Área de Réxime Interior, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Xefe do Servizo de Administración Electrónica e técnico de Planificación e Organización aos efectos oportunos.

Igualmente, déase debida conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

19(294).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, PARA COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN, SOBRE CESE NA PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL DO MUSEO DE D^a DOLORES SEOANE DOMÍNGUEZ. EXPTE. 22873/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro de Xestión Municipal, do 1.03.2012, co dou fe da secretaria do Goberno Local, que di o que segue:

DECRETO

Por sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo, de data 16 de outubro de 2006, recaída no procedemento nº 538/2006, declarouse como despido nulo a notificación realizada con data 3 de xullo de 2006 a D^a Dolores Seoane Domínguez.

En execución da dita resolución xudicial, a Sra. Seoane Domínguez foi readmitida en condición de persoal laboral indefinido no posto de traballo de administrativa no Concello de Vigo, no Museo Municipal "Quiñones de León".

Con data 4 de agosto de 2008, a Xunta de Goberno Local aprobou a Relación de Postos de Traballo do Concello de Vgio, na que figura un posto de traballo asociado a unha praza vacante creada en execución de sentenza no Museo Municipal "Quiñones de León", código 014, posto de Administrativo de Administración Xeral, Grupo C1, nivel complemento de destino 18 e nivel de complemento específico 56, figurando como observación que o dito posto está asociado a unha praza vacante de igual denominación, creada en execución da referida sentenza.

Dita praza foi incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, para ser provista, con arreglo ao marco legal existente, polo sistema de oposición libre, non constando que a Sra. Seoane Domínguez concurrise ao procedementos públicos de concorrencia competitiva -e conseguíntes procesos selectivos- ao efecto convocados.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012, procedeuse ao nomeamento, entre outros, como funcionarios/as de carreira con cargo a prazas vacantes de Administrativo de Administración Xeral dos tres aspirantes propostos, que obtiveron as máximas cualificacións, tomando posesión no día de hoxe.

Solicitado informe xurídico laboral, en data 29/02/2012 procédese á emisión do mesmo, no cal se conclúe a procedencia e necesidade de efectuar o cese da traballadora D^a Dolores Seoane Domínguez por cobertura de vacante, ao abeiro do establecido no artigo 49.1, b) do Estatuto dos Traballadores, sinalándose no mesmo que ata que non se produza a cobertura regulamentaria da praza, non se poderá proceder á extinción do vínculo contractual.

En consecuencia, visto o informe xurídico de data 29/02.2012 salientado, e considerando as atribucións que en materia de persoal ostento por delegación da Xunta de Goberno Local, efectuada en acordo de data 17.06.2011, e nos termos do disposto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, pola presente

RESOLVO

Primeiro.- Cesar na praza de Administrativo de Administración Xeral (posto código 0414.04- Unidade código 014-Museo), que figura na relación de postos de traballo vixente aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 (BOP nº 220 do 16 de novembro de 2010) á traballadora municipal D^a Dolores Seoane Domínguez, con DNI 36132801-P, e declarar en consecuencia extinguida a relación laboral declarada indefinida por resolución

xudicial firme, ao cubrirse a praza vacante de administrativo/a de Administración Xeral existete no Museo Municipal “Quiñones de León” como consecuencia da execución da Oferta de Emprego Público 2008, con efectos do día 1 de marzo de 2012, data da toma de posesión do aspirante nomeado con cargo a dita praza, nos termos do informe xurídico emitido en data 29.02.2012 e do disposto no artigo 49.1.b) do Estatuto dos Traballadores, así como na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede, significandolle que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

20(295).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO MUNICIPAL NA ÁREA DE EDUCACIÓN. EXPTE. 22856/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 28.02.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) acordando o cambio de denominación do posto de traballo vacante, co código 332.01 (“Xefe/a Educación”), que pasará a denominarse “Técnico/a de Actividades Culturais e educativas”, nos termos da instrución do servizo asinada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 28/02/2012, e escrito de petición da Sra. Concelleira-delegada da Área de Educación de data 27/02/2012.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo aos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas respectivas, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e técnico de Planificación e Organización) e efectivos municipais afectados/as aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

21(296).- INSTRUCCIÓNS DE APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NO REAL DECRETO-LEI 20/2011, DE 30 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA ORZAMENTARIA, TRIBUTARIA E FINANCEIRA PARA A CORRECCIÓN DO DÉFICIT PÚBLICO, EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 22902/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 8.03.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Aprobar as “Instrucións de aplicación das previsións contidas no Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, en materia de planificación e xestión de recursos humanos na Administración Municipal de Vigo” anexas ao presente acordo, dispoñendo a súa notificación aos Sres/Sras. Concelleiros/as-delegados/as e xefaturas de área para planificación dos obxectivos establecidos e cumprimento dos mesmos no marco da legalidade orzamentaria vixente.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a notificación ou publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

INSTRUCCIÓNS DE APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NO REAL DECRETO-LEI 20/2011, DE 30 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA ORZAMENTARIA, TRIBUTARIA E FINANCEIRA PARA A CORRECCIÓN DO DÉFICIT PÚBLICO, EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

1.- MARCO LEGAL DE REFERENCIA

Constitúe obxecto das presentes instrucións a definición, precisión e acotación dos conceptos e previsións contidas no **Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público** (publicado no Boletín Oficial do Estado nº 315, do sábado, 31 de decembro do 2011, e vixente dende o 1 de xaneiro do 2012).

2.- PREVISIÓNS ESPECÍFICAS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS:

a) LÍMITES AO INCREMENTO RETRIBUTIVO E ADECUACIÓNS RETRIBUTIVAS EXCEPCIONAIS E SINGULARES

“Durante o ano 2012, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento con respecto ás vixentes a 31 de decembro do 2011, en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

En consecuencia, a partires do 1 de xaneiro do 2012 non experimentarán ningún incremento as contías das retribucións e da masa salarial, no seu caso, establecidas na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011.”

Tal previsión específica implica que as contías destinadas a retribucións contidas no capítulo I dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio 2012 (Orzamentos Municipais 2011 prorrogados) non poderán experimentar incremento algún para o presente exercicio.

Comprende o concepto de retribucións, nos termos do previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, e demais de concordante aplicación, as seguintes categorías:

-retribucións básicas (soldo base, trienios e pagas extraordinarias)

-retribucións complementarias integrantes e asociadas aos postos de traballo existentes na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (complemento de destino e complemento específico)

-retribucións complementarias non fixas e periódicas por imperativo legal (complemento de produtividade e gratificacións por servizos extraordinarios).

Por tanto, a masa salarial destinada a tal fin nos Orzamentos Municipais non experimentará incremento algún, nos termos da esixencia legalmente establecida.

Polo que respecta ás contías das retribucións, os efectivos públicos ao servizo da Administración Municipal de Vigo –considerados como colectivo, en termos de homoxeneidade- non poderán percibir, como cantidades totais anualmente consideradas, incremento algún con respecto ás vixentes a 31 de decembro do 2011.

Durante o exercicio 2012, o gasto total en concepto de gratificacións deberá reducirse nun 20% con respecto ao gasto total efectuado no exercicio 2011, establecéndose igualmente unha redución durante o 2012 do 10% no gasto total en concepto de produtividade e incentivos ao rendemento con respecto ao gasto total realizado no exercicio 2011.

En aplicación do teor literal da norma, o límite ao incremento retributivo *“entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten*

imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo”.

En consecuencia, as eventuais adecuacións retributivas que no marco da xestión de recursos humanos se adopten, deberán cumprir os requisitos seguintes:

-singularidade (non tendo carácter colectivo nos termos do total de efectivos públicos integrados na plantilla municipal) e excepcionalidade (verificarase a inexistencia de adecuacións retributivas aplicadas en anteriores exercicios a idénticos colectivos)

-imprescindibilidade de realización da mesma dende a óptica do interese xeral municipal, con motivación obxectiva no contido dos postos de traballo, variación de número de efectivos asignados por programas e grao de consecución dos obxectivos predeterminados.

-Informe técnico de cuantificación económica do gasto proposto, incidencia do mesmo no Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais e estado de execución do mesmo, en relación á adecuación retributiva concreta, que deberá ser solicitado con carácter previo á iniciación dos procedementos administrativos que ao efecto correspondan, en aplicación analóxica do artigo 2.5 do Real Decreto-Lei.

b) INTERDICCIÓN LEGAL DE REALIZACIÓN DE APORTACIÓNS A PLANS DE PENSIÓNS DE EMPREGO OU CONTRATOS DE SEGURO COLECTIVOS QUE INCLÚAN A CONTINXENCIA DE XUBILACIÓN

“Durante o exercicio 2012, as Administracións, entidades e sociedades a que se refire o apartado Un deste artigo, non poderán realizar aportacións a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación”.

En virtude do teor literal da norma, non resulta legalmente posible para ao Concello de Vigo realización de aportacións ao Plan de Pensións existente, sen prexuízo da viabilidade na continuidade do mesmo coas aportacións dos partícipes, estando en todo caso a actuación municipal ao respecto contida nos acordos da Comisión de Seguimento do Plan de Pensións, que deberán ser debidamente notificadas aos diferentes responsables de Área e Servizo, así como publicados no Taboleiro de Editos do Concello.

c) LÍMITES Á CREACIÓN DE EMPREGO PÚBLICO, REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, COBERTURA DE PRAZAS VACANTES E RECURSO A EFECTIVOS DE CARÁCTER TEMPORAL (FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS E/OU PERSOAL LABORAL)

En cumprimento do preceptuado no Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, ao longo do exercicio 2012 non se procederá á incorporación de novo persoal, salvo a que poda derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores. Tal limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Igualmente, durante o ano 2012 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como **servizos públicos esenciais** dúas categorías de servizos:

1.- Aqueles que se corresponden coas competencias municipais obrigatorias e servizos mínimos esenciais de necesaria prestación polas Entidades Locais contidas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, concretados en:

- Seguridade en lugares públicos.
- Ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.
- Protección civil, prevención e extinción de incendios.
- Ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; promoción e xestión de vivendas; parques e xardíns, pavimentación de vías públicas e conservación de camiños e vías rurais.
- Patrimonio histórico-artístico, no ámbito que lle corresponda ás entidades locais segundo a lexislación autonómica de protección do patrimonio cultural de Galicia.
- Protección do medio ambiente.
- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa de consumidores e usuarios.
- Protección da salubridade pública.
- Participación na xestión da atención primaria da saúde.
- Cemiterios e servizos funerarios.
- Prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social.
- Subministro de auga e alumeadado público; servizos de limpeza viaria, de recollida e tratamento de residuos, alcantarillado e tratamento de augas residuais.
- Transporte público de viaxeiros.
- Actividades ou instalacións culturais e deportivas; ocupación do tempo libre; turismo.
- Participación na programación da ensinanza e cooperación coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, intervención nos seus órganos de xestión e participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

2.- Aqueles servizos internos ou centrais cuxo funcionamento resulta imprescindible para a adecuada prestación do servizo e cumprimento dos servizos mínimos obrigatorios:

- Servizos económicos (Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal)
- Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade, Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento)
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes
- Recursos Humanos

3.- A actividade de fomento do emprego constitúe actividade prioritaria na Administración Municipal de Vigo en canto ao persoal beneficiario, no marco da actividade de fomento do emprego en contextos económicos e sociais desfavorables.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, e requirirá a emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Durante o ano 2012 serán obxecto de amortización un número equivalente de prazas ao das xubilacións que se produzan, nos termos e co alcance que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, salvo nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación contida nos apartados anteriores non será de aplicación aos

seguintes sectores e administracións nos que a taxa de reposición de efectivos se fixa no 10 por cento:

-As Administracións Públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, en relación coa determinación do número de prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes.

-Ás Administracións Públicas con competencias sanitarias respecto das prazas de hospitais e centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde.

-Ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e a aquelas Comunidades Autónomas que contén con Corpos de Policía Autónoma propios no seu territorio, en relación coa cobertura das correspondentes prazas.

-Ás Forzas Armadas en relación coas prazas de militares de carreira e militares de complemento de acordo co previsto na Lei 39/2007, de 19 de novembro, de carreira militar, e sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

-Ás Administracións Públicas respecto dos Corpos responsables do control e loita contra a fraude fiscal e laboral.

D) REORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS:

Nos termos do disposto na Lei, a partir do 1 de xaneiro do 2012, e para o conxunto da Administración Municipal de Vigo e os seus organismos autónomos, a xornada ordinaria de traballo terá un promedio semanal non inferior ás 37 horas e 30 minutos, aos efectos do cal establécese a necesidade de proceder á convocatoria e celebración urxente da Mesa Xeral de Negociación para materias comúns a persoal funcionario e laboral, en prazo non inferior a 2 meses contados dende á data de aprobación das presentes instrucións, a fin de que se proceda a adoptar acordo sobre a efectiva e homoxénea aplicación da medida legalmente contemplada na Administración Municipal de Vigo, no marco da potestade de autoorganización recoñecida legalmente ás Entidades Locais segundo o artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, así como do disposto no artigo 37.1, apartado m) da Lei 7/2007, do 12 de abril, en canto á obrigatoriedade de negociación colectiva das materias relativas a calendario laboral, horarios e xornada.

3.- DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS EN MATERIA DE COTIZACIÓNS SOCIAS Á SEGURIDADE SOCIAL E MUTUALIDADES DE FUNCIONARIOS E EN MATERIA TRIBUTARIA DOS RENDEMENTOS DO TRABALLO SUXEITOS AO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF):

Efectúase unha remisión directa e expresa ás táboas, contías, importes, regras aritméticas e coeficientes literalmente contidos no teor literal do Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, e normativa de concordante e procedente aplicación.

22(297).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DE RECONQUISTA 2012. EXPTE. 4408/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Festas e do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, do

21.02.12, conformado pola concelleira delegada de Facenda e pola concelleira da área de Cultura e Festas, co fiscalizado e conforme da xefa do servizo de Fiscalización do 8.03.2012, conformado polo Interventor Xeral, e co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal do 6.03.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Que se aprobe o convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación veciñal e cultural Casco Vello para a organización dos actos da Reconquista 2012.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 55.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación veciñal e cultural Casco Vello (CIF G-36.645.885), con cargo á bolsa de vinculación da aplicación presupostaria 3380.227.9904 (Convenio Reconquista) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.

3º.- Que se realice un primeiro pagamento a conta polo 50% do importe do convenio (27.500,00 euros).

4º.- Que os pagamentos se realicen a través da conta de habilitación FESTAS (2080.5000.61.3110277249).

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2012.

Vigo, a _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELEIRA DELEGADA DE FESTAS e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN VECINAL Y CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36645885, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Oliva, 12 - 36202 Vigo; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que a Concellería de Festas ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista de Vigo, o 28 de marzo.

2.- Que a celebración da Reconquista supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade, mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notábel participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.

3. Que ambas as partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración da *RECONQUISTA 2012*, a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais. Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da *RECONQUISTA*

2012 que incluíra as actividades que figuran no Anexo ó convenio e que perseguen como principais fins:

- Dar a coñecer parte da historia da cidade de Vigo.
- Fomentar a participación das xentes dunha forma lúdica.
- Dinamizar cultural e socialmente o barrio.
- Recoñecer o Casco Vello como alternativa cultural e de ocio.

Segunda.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 102.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE (Anexo ó convenio), e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Festas.

Terceira.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

1. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.
2. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarios para a súa realización.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de ser o caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.
5. Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Animación sociocultural; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, Concellería de Animación sociocultural. Ademais, a ENTIDADE terá que facer mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.
6. Presentar, a través do Rexistro Xeral, memoria xustificativa das actividades obxecto deste convenio, dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, que conterá como mínimo os seguintes elementos:
 - a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.
 - b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.
 - Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
7. Todo o material elaborado con cargo ó presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2012 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado (en perfecto estado de conservación e limpeza) nun lugar a determinar pola Concellería de Festas.
 8. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
 9. A ENTIDADE terá que coordinar co departamento de prensa do CONCELLO todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

Cuarta.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Quinta.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (55.000,00 euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5045.89.3040010210, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, segundo o seguinte:
Un primeiro pagamento á conta por importe de 27.500,00 euros, antes do día 28 de marzo.
Un segundo e último pagamento por importe de 27.500,00 euros, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude de pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos trinta días seguintes á finalización da programación. O pagamento realizarase previa certificación do persoal técnico do servizo de Festas ao cumprimento do clausulado do presente convenio.

Sexta.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida pola concelleira de Festas, e composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un pola Asociación Veciñal e cultural Casco Vello; como secretario actuará un técnico do Concello.

Sétima.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Oitava.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Novena.- Este convenio terá carácter administrativo e rexerese polo establecido nas súas propias cláusulas e no non previsto estarase á regulación da Lei de contratos das administracións públicas para o contrato de servizos.

Décima.- A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

Anexo I PROGRAMA RECONQUISTA 2012

Actividades previas: Obradoiros de costura tradicional, bandeiras, atrezzo e Comisións de escenografía e vestuario.

Sábado, 31 de marzo
Representación teatral da Reconquista

Praza da Pedra: Rendición da vila e destitución por parte do Pobo do Alcalde e o Gobernador Militar pondo á fonte da cidade a Vázquez Varela

Domingo, 1 de abril

Representación teatral da Reconquista

Porta do Sol: Tomada do exército francés; estratexias do pobo para defensa (milicias e alarmas de San Antoiño, Fragoso e Pontesampaio); Roubo de armas; Negación de alimentos ós soldados; Arenga de Aurora ás mulleres da Vila; Altercado na taberna de Xosefa do Rial; Expulsión dos franceses da praza, coa entrada en escena de Carolo, Cachamuíña, Almeida, Frai André, Abade de Valadares, etc.

Porta da Gamboa: Derribo da porta; Batalla na dársena da Laxe; Rendición do exército francés.

Bailes de confraternización; Lectura da declaración de Cidade Fiel, Leal e Valerosa.

Os días 26 e 27 de marzo haberá igualmente:

- Mercado tradicional con demostración de oficios tradicionais;
- Animacións e grupos de música por rúas e prazas do Casco Vello;
- Concerto de música folc tradicional

Anexo II PRESUPUESTO RECONQUISTA 2012

Concepto	Contía
Atrezzo	10.000,00
Animación musical	20.000,00
Demostración de oficios	5.000,00
Concurso de carteis	1.500,00
Exposicións	2.500,00
Obradoiros	3.000,00
Dirección teatral	2.000,00
Coordinación	10.000,00
Seguridade	2.000,00
Palcos e carpas	1.500,00
Son	8.500,00
Animación infantil	2.500,00
Porta	2.000,00
Pirotecnia	2.000,00
Equipo de traballo	4.000,00
Electricidade	11.000,00
Imprenta	2.000,00
Concertos	6.000,00
Varios	6.000,00
Total	102.000,00

23(298).- SOLICITUDE DE CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN DA INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO DE SABINA SABIN CARRERA “GLOBHE, S.L.”. EXPTE. 8779/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 8.03.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

- Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**GLOBHE, S.L.**” sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:
 - Apoio pola Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
 - Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
 - Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
 - Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobáronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

24(299).- CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS, DENTRO E A MAIORES DO PROGRAMA FORMATIVO PARA ALUMNOS DO PLAN AFD. EXPTE. 8763/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.02.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 6.03.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Autorizar este modelo de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e as empresas que o solicitasen para a realización de formación en Centros de traballo e a realización de prácticas profesionais non laborais.

b) Delegar en Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro delegado da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, a sinatura dos convenios encadrados dentro deste modelo de convenio de colaboración.

c) Da realización das devanditas prácticas profesionais non laborais non se deducira baixo ningún concepto relación laboral ningunha entre o alumnado e o Concello de Vigo ou as empresas que conveniasen as citadas prácticas profesionais non laborais.

25(300).- SOLICITUDE DE OPERARIOS/AS PLAN DE EMPREGO 2012 “DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. EXPTE. 8778/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 7.03.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

- Prestar aprobación á solicitude de dez (10) operarios/as á Deputación de Pontevedra do “Plan Provincial de Emprego 2012”, para o desenvolvemento das seguintes obras na parroquia de Navia:
 - 1.- Mantemento, cortado de céspede, poda e limpeza das zonas verdes.
 - 2.- Formación, reforma e plantación dos xardíns.
 - 3.- Conservación e mantemento de beirarrúas.
- Encomendar ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a xestión e control do cumprimento das tarefas relacionadas na solicitude e asumir con cargos aos seus orzamentos as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destas obras, no caso de seren aprobados pola Deputación de Pontevedra.

26(301).- CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E SOCIEDADE DEPORTIVA OCTAVIO POLA ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ELITE NA TEMPADA 2011-2012. EXPTE. 11084/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.02.12, conformado polo concelleiro de Deportes e pola concelleira de Facenda, co informe da Asesoría Xurídica, do 27.02.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 6.03.2012 conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva S.D. Octavio Vigo para o a subvención da primeira fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría ASOBAL desenvolvido no período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 1 de marzo de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 45.000,00 €. a favor da entidade: S.D. Octavio Vigo co CIF: G-36907384 con enderezo social na rúa Avda. Castrelos, 1, en Vigo, e numero de conta corrente: 0049.5479.62.2316010447. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.06 do vixente orzamento. O Expediente tramítase como anticipado de gasto, polo que a execución do obxecto do mesmo queda condicionada á existencia do crédito adecuado e suficiente vinculado á aprobación definitiva da modificación orzamentaria por crédito extraordinario 03/12 aprobada inicialmente polo Excmo. Concello Pleno na sesión do 30 xaneiro de 2012 (BOP, 7 de febreiro de 2012).

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE S.D.OCTAVIO VIGO VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRIMEIRA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil doce.

REUNIDOS

